



Benqueridas familias do alumnado usuario do servizo de comedor:

Queremos facervos chegar as normas de funcionamento que rexen este espazo e que se suman as xa recollidas no protocolo Covid do centro.

#### ASEO:

- Uso do mandilón vermello específico para o comedor. Debe estar marcado para evitarmos confusións. Levarase a lavar os mércores e a fin de semana.
- Os nenos e nenas lavarán as mans antes e despois de comer.
- Levarán a máscara sempre posta, tamén entre prato e prato.
- É preciso traer un estoxo para gardar a máscara cando se come e tamén outra máscara de reposto.

#### HORARIO:

- Os nenos e nenas de EI e EP irán ao finalizar as clases, despois de lavar as mans e ir ao baño.
- O alumnado da ESO entrará ao comedor ás 14.20 h. ao finalizar as clases, despois de lavar as mans e ir ao baño.

#### HÁBITOS:

Dentro do espazo de comedor intentaremos que os nenos e nenas:

- Coñezan e cumpran as normas básicas de comportamento na mesa.
- Manteñan un ton de voz adecuado.
- Pidan as cousas con educación e respecto.
- Proben os diferentes alimentos e sexan conscientes da importancia de comer dun xeito variado.
- Teñan unha actitude de compañeirismo, axuda e colaboración cos demais.
- Adquiran hábitos de coidado do espazo común.

#### NORMAS DE CONDUTA:

- Non se consentirán faltas de respecto, verbais ou físicas, a compañeiros nin coidadores.
- Cando o comportamento dalgún dos alumnos non sexa o correcto, ben pola reiteración da falta ou pola súa gravidade, as familias serán informadas puntualmente cun parte de incidencias remitido polo responsábel do comedor ao titor do curso correspondente, e serán aplicadas as medidas pertinentes recollidas no Plan de Convivencia do centro.

#### AVISOS :

- É preciso entregar unha autorización debidamente cumprimentada para que unha persoa diferente aos pais ou titores recollan aos nenos e nenas. No caso do alumnado maior, tamén é necesaria a autorización para que poidan saír sos do centro.
- Na medida do posíbel, pregámosvos avisedes cando os nenos e nenas non se vaian quedar no comedor.

Grazas pola vosa colaboración.

Un saúdo.

A dirección

